

## 12. SISTEMA INTEGRADO DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DE DATOS CLÍNICOS E EPIDEMIOLÓXICOS

Implantación e avaliación de ferramentas de **explotación da información clínica** que se adapten ás necesidades da Consellería de Sanidade e do Sergas.

A través da **concentración de todos os datos relativos a cada paciente nunha única plataforma**, permite mellorar o control de pacientes crónicos, a detección de doenzas raras e de infeccións nosocomiais, a investigación clínica e epidemiolóxica e a vixilancia sindrómica, entre outros usos.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **Vigo, Santiago, A Coruña e Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras**.